



.....

**Xornada**

# **Cine e educación: experiencias de Galicia e Portugal**

.....

**Consello da Cultura Galega**  
Santiago de Compostela  
4 abril de 2025



A cultura é o pegamento que une a sociedade, e o cine é unha das súas manifestacións máis amables e atractivas, o que o fai imprescindible no proceso educativo. Comprender a linguaxe audiovisual é necesario no desenvolvemento da conciencia social. Se, ademais, aspiramos a lograr personalidades civicamente activas, responsables e críticas, cómpre transformar o rol de espectador en rol creador. Este proceso comeza nas etapas máis prematuras da educación, e para logralo é esencial contar cun profesorado que sirva de guía e referente.

O cine nas aulas empregouse como apoio desde que tecnicamente foi posible facer proxeccións, pero a súa pedagogía estivo circunscrita ao ensino postobrigatorio, que en Galicia comezou en 1989 coa creación da Escola de Imaxe e Son da Coruña. Nas aulas de secundaria, a materialización curricular do audiovisual comeza coa LOXSE (1990), pola cal pasou a formar parte da materia de Educación Plástica e Visual para a ESO e de Comunicación Audiovisual para bacharelato. Coa LOMCE, en 2013, o audiovisual adquire a súa relevancia actual, presente nun terzo dos bloques de contidos da materia da ESO de Educación Plástica, Visual e Audiovisual, e na de Cultura Audiovisual de bacharelato.

A falta de formación específica do profesorado de Plástica provocou unha autoorganización do colectivo docente, que creou equipos de traballo que foron referentes: Aturuxo Films, con residencia no IES de Cacheiras; Caranguexo Films, do IES As Barxas de Moaña; ou o proxecto Olloboi, vencellado a unha asociación cultural integrada por docentes e non-docentes de Boiro. Iniciativas destacadas da Administración son os programas Nós tamén creamos!, da SXPL, ou Cinema en curso, potenciado pola Consellería de Educación.

Ollamos con admiración a relevancia que en Portugal se dá ao estudo da relación entre cinema e educación: os Encontros de Cinema de Viana, organizados pola asociación Ao Norte e a Cámara Municipal de Viana, levan 25 anos sendo un espazo referente de encontro, formación e debate no que conflúen estudantes e profesionais do cine, escolas, cineclubistas e público en xeral.

A nosa proposta, Cine e educación: experiencias de Galicia e Portugal, pretende visibilizar e difundir dinámicas consolidadas de pedagogía do cine nas aulas galegas, da primaria á universidade; tender pontes entre ensino e audiovisual profesional, grazas á perspectiva de institucións como a Fimoteca de Galicia, o Consello da Cultura ou a Agadic; e facer un intercambio con prácticas de Portugal.

# Programa

---

## Sesión da mañá

10:00 horas  
Presentación

10:30 horas  
*Educación audiovisual na universidade: da educación artística á industria*  
Modera: **José Manuel Sande**

Participan:  
**Dolores Meijomín**, Agadic  
**Chelo Loureiro**, Abano Producións  
**Felipe M. Guerra**, Associação Ao Norte

12:30 horas  
*O cine como ferramenta pedagóxica*  
Modera: **Ana Moreiras**

Participan:  
**Sergio Clavero**, Facultade de Ciencias da Educación da USC; docente responsable de Aturuxo Films (IES Cacheiras)  
**Mónica García**, FilMOTECA de Galicia, proxecto Cinema en curso  
**Elsa Cerqueira**, Global Teacher Prize Portugal 2021

14:00 horas  
Peche da sesión da mañá

## Sesión da tarde

De 16:30 a 20:00 horas: presentación de proxectos singulares

16:30 horas  
*Introdución: Que se fai nas aulas en 2025?*  
**José Manuel Sande**, Consello da Cultura Galega  
**Ana Moreiras**, A. C. Olloboi

17:00 horas  
*Programa Cinema e escola, do Concello da Coruña*  
**Natuska Naylor**, CEIP Curros Enríquez  
**Hugh McGuinley**, fundador do programa (A Coruña)

17:30 horas  
*MICEscola. Cinema e etnografía nas aulas*  
**Ana Estévez** e **Coral Piñeiro**, MICE (Museo Pobo Galego)

18:00 horas  
*Encontro luso-galaico de cine escolar*  
**Carlos Viana**, Festival Internacional de Viana

18:30 horas  
*Vamos Fazer Um Filme*  
**Miguel Arieira**, Associação Ao Norte, Viana

19:00 horas  
*Proxectos interdisciplinares na secundaria*  
**Xiao Berlai**, CPI Eusebio Lorenzo Baleirón, Dodro

20:00 horas  
Peche da xornada

## **Organiza**

Consello da Cultura Galega  
Sección de Artes Escénicas, Musicais e Audiovisuais (CCG)

## **Colabora**

Asociación Cultural Olloboi  
Museo do Pobo Galego

## **Coordina**

Cristina Domínguez Dapena  
Beli Martínez  
Ana Moreiras  
José Manuel Sande

## **Lugar**

Consello da Cultura Galega  
Pazo de Raxoi, 2º andar  
Praza do Obradoiro, s/n  
15705 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 957 202

## **Inscripción**

A inscrición é gratuíta.  
O número de prazas é limitado (100 persoas).  
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

## **Máis información**

[www.consellodacultura.gal](http://www.consellodacultura.gal)  
[difusion@consellodacultura.gal](mailto:difusion@consellodacultura.gal)  
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

Organiza:



Colabora

